

Os socialistas de Antas de Ulla subliñan que a conta xeral de 2013 reflicte as consecuencias “dun Orzamento inflado” e demostra “a xestión desastrosa” do goberno municipal

Por este motivo, abstivéronse na votación, pois o que fixo o Partido Popular foi elaborar un presuposto en base á publicación no Boletín Oficial do Estado (BOE) de dous grandes investimentos, un de 2,8 millóns para a ampliación da residencia da terceira idade, e outro de 600.000 para a traída de augas; o que reduce o orzamento ao 50%

Outro dos motivos que provocou a decisión do grupo do PSOE é “a falta de detalle” dalgunhas facturas, “pois estamos a falar de contías moi importantes, e nas que non se inclúe nin aprecia o destino que as motiva”; circunstancia que, para García Porto, “deixa en moi mal lugar ao noso concello que, lamentablemente, xa é o máis endebedado do contorno”

Critica que o alcalde incluíse, pola vía da urxencia, a modificación de crédito para a recuperación dun inmovible particular con risco de derrubamento en Santa Mariña e anuncia que, no vindeiro Pleno, presentarán unha proposta para a recuperación de vivendas familiares en Antas de Ulla

ANTAS DE ULLA, 25 DE SETEMBRO DE 2014.- Os socialistas de Antas de Ulla abstivéronse na votación da conta xeral de 2013, ao considerar que reflicte as consecuencias “dun Orzamento inflado” e demostra a “xestión desastrosa” do goberno municipal. Proba delo, destaca a voceira do PSOE –Pilar García Porto- é que “hoxe podemos constatar que o que fixo o Partido Popular foi elaborar un presuposto en base á publicación no Boletín Oficial do Estado (BOE) de dous grandes investimentos, un de 2,8 millóns para a ampliación da residencia da terceira idade, e outro de 600.000 para a traída de augas; o que reduce o orzamento ao 50%. Neste senso, considera que a conta xeral, aprobada só polos populares, e que ascende a 5 millóns de euros, “non se materializa nin na execución nin en inversións no municipio”.

“A nosa abstención está motivada por dúas cuestións fundamentais: que son unhas contas sobrevaloradas e que conteñen un excesivo investimento en persoal e no gasto corrente. Só neste último capítulo, a partida ronda os 2 millóns de euros. Pensamos que é un Orzamento sen garantías, que maquilla as cifras e, nisto, o Partido Popular nunca vai contar co noso apoio”, subliña García Porto.

“Falta de detalle” nas facturas

Asimesmo, outro dos motivos que provocou a decisión do grupo municipal do PSOE é “a falta de detalle” dalgunhas facturas, “pois estamos a falar de contías moi importantes, e nas que non se inclúe nin se aprecia o destino que as motiva”; circunstancia que, “sen lugar a dúbidas, deixa en moi mal lugar ao noso concello que, lamentablemente, xa é o máis endebedado do contorno, segundo datos oficias do Ministerio de Economía”, engadiu a socialista.

Concretamente, a voceira do PSOE reparou en tres. A primeira, destinada a obras e dotada de 38.000 euros; a segunda, que inclúe un gasto de 12.000 euros para o mantemento do alumeadado público; e, a terceira, que recolle o custo da celebración da Feira do Queixo.

“O PP non ten por que explicar a que destina un saco de cemento, pero si xustificar e precisar a

que destina gastos tan elevados coma estes. Cremos que é necesario que o importe das facturas se corresponda co gasto real. O mesmo acontece coa do alumeado público, pois é un gasto o suficientemente importante como para que teña repercusión e execución real nas aldeas e na vila. Con respecto, a da Feira, defendemos que é unha actividade esencial non só para Antas de Ulla, senón tamén para a comarca, pero o que, non podemos pasar, é que dos 50.000 investidos polo concello, 20.000 fosen para publicidade. As facturas teñen que conter o detalle, sobre todo, as que se refiren a subvencións dalgunhas administracións, e teñen que ser impolutas e claras”, destaca a socialista.

Modificación de crédito

Por outra banda, a inclusión, pola vía da urxencia, da modificación de crédito para a recuperación dunha casa particular con risco de derrubamento en Santa Mariña, foi outro dos asuntos criticados polos socialistas no Pleno celebrado esta mañá. E é que para o PSOE a mellora do local social ou incluso a súa adquisición que plantexa o PP non son motivos que xustifican o procedemento co que a entidade local pretende tramitar tal modificación. Deste xeito, e co fin de que o concello actúe “con luz e taquígrafos e garanta a igualdade de oportunidades para todos os veciños nestes casos”, anuncian que, no vindeiro Pleno, presentarán un proposta para a recuperación de vivendas familiares.